

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DECRETO 115/2011, do 3 de xuño, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2.º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfere no marco da lexislación básica do Estado o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia. Corresponden á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza as competencias nesta materia, en virtude do Decreto 7/2011, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16 que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación e modificación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico. O artigo 18 da mesma norma, establece a obrigatoriedade de comunicar á consellería competente en materia de colexios profesionais os estatutos aprobados, así como as súas modificacións.

Dando cumprimento ás disposicións anteriores, o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, creado pola Lei 12/1996, do 27 de decembro, acordou en Asemblea Xeral do 12 de marzo de 2011, aprobar a modificación dos seus estatutos que foron presentados ante esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva.

Tendo en conta o exposto, unha vez que foi verificada a adecuación á legalidade dos devanditos estatutos, en uso das facultades que me foron conferidas, polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e tras a deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do tres de xuño de dous mil once,

DISPOÑO:

Artigo 1.

Aprobar os estatutos do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, que figuran como anexo a este decreto.

Artigo 2.

Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e a inscrición correspondente no Rexistro de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derogatoria.

Estes estatutos derrogan os anteriores que foron aprobados polo Decreto 121/1998, do 2 de abril, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

Disposición derradeira.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de xuño de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO
Estatutos do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia

PREÁMBULO

O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, creado pola Lei 12/1996, do 27 de decembro, (DOG n.º 12, do 20 de xaneiro), reforma os seus estatutos, entre outras, coa finalidade de adaptalos á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (Lei omnibus estatal), e á Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE (Lei omnibus galega), que introducen unha ampla modificación da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, cun enfoque ambicioso. Para iso actúase en varias cuestións:

– Elimínanse restricións inxustificadas á publicidade dos servizos profesionais, para permitir que o consumidor estea mellor informado e se incremente a súa capacidade de elección.

– Elimínanse as restricións impostas polos colexios ao exercicio conxunto de dúas ou máis profesións. Isto permitirá aproveitar as sinerxías que pode xerar o exercicio simultáneo de varias profesións.

– O exercicio dos profesionais tamén se verá favorecido pola supresión de trámites habituais, como a obriga de comunicar o exercicio fóra do territorio do Colexio de inscrición.

– Suprímese a función dos colexios de fixar baremos orientativos de honorarios ou calquera outra recomendación sobre prezos, que veñen restrinxindo de forma inxustificada e habitual a competencia en prezos que tanto beneficia o consumidor, aínda que se admite a colaboración coa Administración de xustiza para os efectos da taxación de custas.

– Establécese a obriga de que os colexios contén cun servizo de atención aos usuarios e aos colexiados, con obriga de resolver as súas queixas ou tramitalas, o que xerará unha mellor protección do consumidor ante posibles prestacións defectuosas de servizos profesionais.

– Os colexios disporán dos medios necesarios para que os solicitantes poidan tramitar a súa colexiación por vía telemática, o que alixeirá cargas administrativas e aforrará custos de tempo e diñeiro aos potenciais colexiados.

– Refórzase a transparencia no funcionamento dos colexios prevendo a publicación dunha memoria anual sobre a súa xestión económica, a publicación na páxina web da listaxe de podólogos colexiados, para loitar mellor contra o intrusismo, e a súa actuación disciplinaria en defensa dos intereses dos consumidores.

Coa aprobación, publicación e entrada en vigor destes estatutos, que derrogan os ata agora vixentes, preténdese non só cumprir co legalmente establecido senón afrontar unha nova etapa de importantes retos tendentes a unha necesaria modernización no ámbito colexial.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Denominación e natureza.*

O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e con capacidade plena para o cumprimento dos seus fins e

o exercicio das súas funcións, conforme o establecido na Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Artigo 2. Principios esenciais.

Son principios esenciais da súa estrutura interna e funcionamento a igualdade dos seus membros, a elección democrática dos seus órganos de goberno, a adopción dos acordos por maioría e a súa libre actividade dentro do respecto ás leis.

Artigo 3. Ámbito territorial.

O ámbito territorial do Colexio é o correspondente á totalidade da Comunidade Autónoma galega.

Artigo 4. Domicilio, sede colexial.

Domicilio: rúa de Quiroga Palacios n.º 65, baixo, Santiago de Compostela C.P. 15703 A Coruña.

Poderase cambiar a sede colexial por acordo da maioría simple da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 5. Réxime xurídico.

O Colexio réxese polo establecido nestes estatutos, pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, pola Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, así como polas disposicións que a desenvolvan ou a substitúan, e pola demais lexislación que resulte de aplicación.

Regulan, así mesmo, o exercicio das profesións colexiadas a Lei 3/1991, sobre competencia desleal, a Lei 15/2007, sobre defensa da competencia, e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

En canto corporación de dereito público, o Colexio está suxeito a dereito administrativo no que se refire ao exercicio da potestade disciplinaria e mentres exerza funcións administrativas.

Artigo 6. Relación do Colexio co Goberno autónomo de Galicia.

As relacións do Colexio coa comunidade autónoma realizaranse a través da consellería competente en materia de colexios profesionais e, nas cuestións referentes ao contido de cada profesión, a través da consellería ou consellerías competentes ao respecto.

Artigo 7. Relación do Colexio con outros organismos profesionais e públicos.

1. O Colexio de Podólogos de Galicia poderase relacionar co Consello Xeral e cos demais colexios e sociedades científicas, no ámbito da profesión.

2. Sen prexuízo do que dispón o punto anterior, o Colexio de Podólogos de Galicia poderá establecer acordos de reciprocidade e cooperación con colexios e asociacións de dentro e fóra do ámbito territorial de Galicia.

3. O Colexio de Podólogos de Galicia poderá establecer cos organismos profesionais estranxeiros e internacionais as relacións que, dentro do marco da lexislación vixente, considere convenientes.

Artigo 8. Asunción de funcións.

De acordo coa lexislación vixente en materia de colexios profesionais, o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia asume as funcións de Consello de Colexios de Podólogos de Galicia.

TÍTULO II

Finalidades e funcións do Colexio

Artigo 9. Finalidades.

O Colexio de Podólogos de Galicia ten como finalidades esenciais, de conformidade coa lexislación vixente:

- a) Ordenar dentro do marco que establecen as leis e vixiar o exercicio da profesión.
- b) Colaborar cos poderes públicos na regulamentación das condicións xerais do exercicio da profesión.
- c) Representar os intereses xerais da profesión na Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente nas súas relacións coas administracións públicas de calquera ámbito.

d) Defender os intereses profesionais dos colexiados e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios.

e) Fomentar as relacións profesionais entre os colexiados e coas demais profesións.

f) Velar para que a actividade profesional se adecue ás necesidades e intereses dos colexiados.

Artigo 10. *Funcións.*

Correspóndenlle ao Colexio Oficial de Podólogos de Galicia no seu ámbito territorial as funcións seguintes, de conformidade co previsto na lexislación vixente:

a) Velar pola ética profesional e polo respecto aos dereitos dos cidadáns, e exercer a potestade disciplinaria en materias profesionais e colexiais.

b) Participar nos órganos consultivos da Administración, cando esta o requira, en materia de competencia da profesión.

c) Impedir e, de ser preciso, perseguir, ata chegar aos tribunais de xustiza, todos os casos de intrusismo profesional e competencia desleal que afecten os podólogos e o exercicio da súa profesión, no suposto de que se exerza ou se pretenda exercer.

d) Organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional, cultural, asistencial, de prevención e análogos, que sexan de interese para os colexiados.

e) Organizar conferencias, congresos, xornadas, seminarios, talleres; publicar revistas, folletos, circulares e, en xeral, poñer en práctica os medios necesarios para estimular o perfeccionamento técnico, científico e humanístico da profesión.

f) Elaborar os estatutos e os regulamentos de orde interna que se xulguen convenientes para a boa marcha do Colexio.

g) Intervenir, como conciliador e con procedementos de arbitraje, nos conflitos que, por motivos profesionais, xurdan entre os colexiados.

h) Elaborar criterios orientativos para o cálculo de honorarios de emisión de informes e ditames en procedementos xudiciais, de conformidade coa lexislación vixente, para os efectos de taxación para os casos de asistencia xudicial gratuíta.

i) Dispoñer dun servizo permanente de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios dos seus servizos profesionais.

j) Elaborar a memoria anual, nos termos e contidos establecidos na lei, que se fará pública na páxina web do Colexio dentro do primeiro trimestre de cada ano.

k) Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións e honorarios profesionais, cando o colexiado o solicite libre e expresamente, nos casos en que o Colexio teña creados os servizos adecuados e nas condicións que determine a Xunta de Goberno do Colexio.

l) Cumprir e facerlles cumprir aos colexiados as leis xerais e, especialmente, os estatutos e os regulamentos de réxime interno, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiados en materia da súa competencia.

m) Recoller e elaborar as normas deontolóxicas comúns á profesión.

n) Emitir informe sobre a elaboración de normas que afecten as condicións xerais do exercicio profesional ou as titulacións habilitantes.

ñ) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e sobre as sancións firmes impostas a eles, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na normativa vixente, en particular, no que se refire ás solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións que estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a que se solicitou.

o) Todas as demais funcións que sexan beneficiosas para os intereses profesionais dos podólogos, colexiados no Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, e que se encamiñen ao cumprimento dos obxectivos colexiais, así como as que lle sexan atribuídas de acordo coa lexislación vixente.

TÍTULO III Da colexiación

CAPÍTULO I Dos colexiados e as súas clases. Adquisición, denegación e perda da condición de colexiado.

Artigo 11. *Incorporación.*

Teñen dereito a incorporarse ao Colexio e ser colexiados os profesionais que posúan o título de grao en podoloxía, de conformidade coa Orde CIN/728/2009, do 18 de marzo,

ou o diploma universitario de podoloxía, de conformidade co Real decreto 649/1988 e as súas normas de desenvolvemento, e aqueles que, en virtude do recoñecemento de dereitos profesionais efectuado por esta normativa, teñan o diploma de podólogo regulado polo Decreto 727/1962 ou titulación equivalente homologada pola autoridade competente.

Os estranxeiros poderán incorporarse ao Colexio cando cumplan os requisitos para poder exercer a profesión no Estado español e, neste caso, poderán adquirir a condición de colexiado conforme a normativa vixente.

Artigo 12. *Da colexiación.*

Para exercer legalmente a profesión será requisito estar incorporado ao Colexio cando así o determine a normativa aplicable en materia de colexiación.

Artigo 13. *Colexiados.*

As persoas que constitúen o Colexio de Podólogos de Galicia poden ser colexiados exercentes ou colexiados non exercentes.

1. Son colexiados exercentes as persoas naturais que, reunidas as condicións exixidas, obtiveron a incorporación ao Colexio para o exercicio profesional, asistencial, docente ou investigador.

2. Son colexiados non exercentes as persoas naturais que obtiveron a incorporación e non exercen actualmente a profesión.

Artigo 14. *Outros membros.*

a) Membros de honra: por acordo da Asemblea Xeral e por proposta da Xunta Directiva poderán ser designados membros de honra do Colexio aquelas persoas naturais ou xurídicas, en atención a méritos ou servizos relevantes prestados a favor da profesión.

b) Valorarase a creación da figura do podólogo xubilado.

Os membros de honra non colexiados e podólogos xubilados participarán nas asembleas con voz e sen voto.

Estes membros poderán prestar funcións de estudo, asesoramento e colaboración nas actividades que desenvolva o Colexio.

Artigo 15. *Da contratación.*

Quedan prohibidos os denominados contratos blindados para colexiados e non colexiados.

Artigo 16. *Solicitud de colexiación.*

1. As condicións requiridas para a colexiación, ademais da posesión do título profesional, son as seguintes:

a) Ter a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, ou dos Estados parte ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, sen prexuízo do disposto nos tratados internacionais ratificados polo Estado español e publicados no *Boletín Oficial del Estado* e os estranxeiros que cumpran os requisitos establecidos na lexislación española.

b) Solicitud escrita á Xunta de Goberno.

c) Aboamento da cota de incorporación que estea establecida nese momento e que, en ningún caso, superará os custos asociados á tramitación da inscrición.

d) Presentación da documentación acreditativa do título.

e) Non estar afectado por pena de inhabilitación para o exercicio da profesión por sentenza xudicial firme.

O Colexio disporá dos medios precisos para que os solicitantes poidan tramitar a súa colexiación por vía telemática.

Artigo 17. *Portelo único.*

1. O Colexio dispón de páxina web, na sede electrónica www.copoga.com, que garante, no posible, o acceso a persoas con diversidade funcional, e a través da cal os profesionais e usuarios poderán xestionar os trámites de colexiación, o seu exercicio, baixa colexial, solicitudes de servizos e información sobre a súa prestación, a través dun único punto, mediante vía telemática.

2. A través del, os profesionais poderán, de forma gratuíta, obter información e formularios para presentación de solicitudes necesarias, incluída a colexiación, coñecer o estado

de tramitación dos expedientes en que teñan a condición de interesados, recibir notificacións e resolucións, convocar os colexiados ás asembleas e poñer no seu coñecemento a actividade do Colexio.

3. Os consumidores e usuarios, a través do portelo único disporán, de forma clara e gratuíta, da seguinte información:

– Acceso ao rexistro público de colexiados que estará permanentemente actualizado e no cal constará a identificación persoal, o número de colexiación, o colexio de adscrición, a titulación académica e a situación de habilitación profesional.

– Acceso ao rexistro de sociedades profesionais co contido previsto na lei. As vías de reclamación e os recursos que poderán interpoñerse en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e o colexiado ou Colexio.

– As asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais poden dirixirse para obter asistencia.

– Código deontolóxico da profesión de conformidade coa normativa reguladora da profesión.

Artigo 18. *Memoria anual.*

Elaborarase unha memoria anual que, despois da súa aprobación en asemblea xeral, se fará pública, a través do portelo único dispoñible na sede electrónica www.copoga.com, no primeiro trimestre de cada ano, que contará, polo menos, coa seguinte información:

a) Informe anual de xestión económica que inclúa os gastos de persoal desagregados e especifique as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables aos conceptos e servizos de todo tipo, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos sancionadores concluídos, en que se indique a infracción a que se refiren, a súa tramitación e, se é o caso, a sanción imposta, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores e usuarios, a súa tramitación e, se é o caso, os motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos.

e) Os trocos no contido dos códigos deontolóxicos.

f) Situación de conflito de intereses en que se atopen os membros da Xunta de Goberno.

Artigo 19. *Servizo de atención a consumidores e usuarios.*

O servizo de atención a colexiados, consumidores e usuarios, a través do portelo único, ofrecerá os seguintes servizos:

1. Recepción de solicitudes, queixas e reclamacións.

2. Mecanismos de cooperación interadministrativa entre autoridades competentes de conformidade co establecido na Lei 17/2009, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

3. Información sobre sancións impostas aos colexiados en vía disciplinaria por solicitude de consumidores ou usuarios.

4. Información sobre resolución de queixas ou reclamacións, ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para a aplicación do réxime disciplinario, ben acordando o arquivo do expediente ou calquera decisión que corresponda.

Artigo 20. *Denegación da colexiación.*

1. A solicitude de colexiación será denegada nos seguintes casos:

a) Cando os documentos presentados coa solicitude de ingreso sexan insuficientes ou existan dúbidas sobre a súa lexitimidade, ou cando o solicitante falsease os datos e documentos necesarios para a súa colexiación.

b) Á persoa afectada por unha sentenza xudicial firme que comporte inhabilitación para o exercicio da profesión.

c) Polo feito de atoparse cumprindo unha sanción imposta en expediente disciplinario que comportase a expulsión temporal ou definitiva do Colexio.

2. Contra o acordo denegatorio de colexiación, que se lle deberá comunicar debidamente razoado ao interesado, poderá interpoñer, no prazo dun mes, recurso de reposición ante Xunta de Goberno; ou interpoñer recurso, sen máis trámites, ante xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Artigo 21. Actividades fóra do ámbito colexial.

As actividades fóra do ámbito colexial regúlanse segundo o previsto na Lei 17/2009, tanto para profesionais que se despracen do exterior como para colexiados que exerzan a profesión fóra do seu ámbito territorial.

Artigo 22. Perda da condición de colexiado.

1. A condición de colexiado perderase polas causas seguintes:

a) Defunción.

b) Incapacidade legal.

c) Separación ou expulsión como consecuencia do cumprimento de sanción disciplinaria que comporte esta, despois do estatutario expediente disciplinario.

d) Baixa voluntaria comunicada de maneira fidedigna.

e) Baixa forzosa por incumprimento das obrigas económicas: falta de pagamento da cota de incorporación ou a falta de pagamento de tres cotas de colexiación, segundo estean establecidas.

2. Para que a baixa forzosa por incumprimento das obrigas económicas sexa efectiva, será necesaria a instrución dun expediente sumario que comportará un requirimento escrito ao afectado, para que dentro do prazo de tres meses se poña ao día dos descubertos. Pasado este prazo sen cumprimento, tomarase o acordo de baixa, que se lle deberá notificar de forma expresa e fidedigna ao interesado.

3. A perda da condición de colexiado será acordada pola Xunta de Goberno de maneira motivada e, unha vez que sexa firme, seralle comunicada á persoa interesada e a quen

proceda e non liberará do cumprimento das obrigas económicas vencidas. Estas obrigas poderánselles exixir aos interesados ou aos seus herdeiros.

CAPÍTULO II Dereitos e deberes dos Colexiados

Artigo 23. *Dereitos dos Colexiados.*

Os podólogos poderán exercer a profesión de forma individual ou conxunta con outros profesionais da mesma ou distinta profesión, sempre que non sexa incompatible por lei. No caso de exercer con outros profesionais Colexiados, deberán adoptar a forma de sociedade profesional a que fai referencia a Lei 2/2007, do 1 de marzo, de sociedades profesionais.

Todos os Colexiados terán dereito a gozar de todos os servizos, facultades e prerrogativas que resulten destes estatutos, e ademais:

- a) Elixir e seren elixidos para ocupar postos de representación e cargos directivos desenvolvidos no artigo 44.
- b) Ser informados das actuacións e vida da entidade, e das cuestións que fagan referencia ao exercicio da profesión.
- c) Exercer a representación en cada caso que se lles encargue.
- d) Intervir, de acordo coas normas legais ou estatutarias, na xestión económico-administrativa do Colexio e expresar libremente as súas opinións.
- e) Exercer as accións e recursos que sexan precisos na defensa dos seus intereses como Colexiados.
- f) Estar amparados polo Colexio no exercicio profesional e na defensa dos lexítimos intereses.
- g) Estar representados polo Colexio cando así o acorde a Asemblea Xeral, co fin de facilitar accións, excepcións e defensas relacionadas co exercicio profesional ante tribunais, autoridades, organismos, entidades físicas ou xurídicas.
- h) Asistir con voz e voto ás asembleas xerais do Colexio.

i) Presentar queixas ante a Xunta de Goberno do Colexio contra a actuación profesional ou colexial de calquera dos seus membros.

j) Remover os titulares dos órganos de goberno mediante votos de censura.

Artigo 24. *Deberes dos colexiados.*

Son deberes dos colexiados:

a) Cumprir as prescricións contidas nestes estatutos, nos regulamentos que os desenvolvan e nos acordos que a asemblea colexial poida adoptar.

b) Pagar, nos prazos establecidos, as cotas e dereitos, tanto ordinarios como extraordinarios, que fosen aprobados pola asemblea colexial para o seu sostemento.

c) Observar co Colexio, respecto aos seus órganos de xestión, a disciplina axeitada, e entre os colexiados, os deberes de harmonía profesional.

d) Darlle a coñecer ao Colexio todos os feitos que poidan afectar a profesión, tanto particular como colectivamente, cuxa importancia poida determinar a intervención corporativa con carácter oficial.

e) Denunciar ante o Colexio as actuacións de que teñan coñecemento sobre o exercicio da profesión sen estar en posesión do título que faculte para o seu exercicio.

f) O colexiado comunicarlle obrigatoriamente ao Colexio o seu domicilio para efectos de notificacións, para todos os efectos colexiais, así como as súas modificacións. O colexiado tamén facilitará ao Colexio o seu enderezo electrónico.

g) A publicidade está permitida atendendo ás restricións previstas de conformidade coa a normativa vixente.

h) O segredo profesional implica para o podólogo a obriga e o dereito de non revelar ningún acto profesional nin dar a coñecer ningún documento que afecte o paciente dos que tivese noticias por si mesmo ou por razón do exercicio profesional.

i) Exhibir o documento de identidade profesional cando legalmente lle sexa requirido.

Artigo 25. *O exercicio da profesión.*

O exercicio da profesión realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito, en canto a oferta de servizos e a fixación da súa remuneración, ás normas relativas aos servizos no mercado interior, á lexislación sobre defensa da competencia e á lexislación sobre a competencia desleal segundo o artigo 2.4 da Lei 2/1974.

Os demais aspectos do exercicio profesional continuarán rexéndose pola lexislación xeral e específica sobre a ordenación substantiva propia da profesión.

Os requisitos que limiten o exercicio conxunto de dúas ou máis profesións, así como as restricións ás comunicacións comerciais, serán os que estableza a lei.

Tamén se rexerá polo previsto nas leis o exercicio profesional en forma de sociedade.

TÍTULO IV
Dos órganos do Colexio

CAPÍTULO I
A Asemblea Xeral

Artigo 26. *Da Asemblea Xeral.*

A Asemblea Xeral é o órgano soberano do Colexio e, como tal, obriga cos seus acordos a todos os colexiados, incluso os ausentes, os disidentes e os que se absteñan.

Nas asembleas xerais poden participar todos os colexiados que estean en plenitude dos seus dereitos e ao día das súas obrigas corporativas.

Artigo 27. *Tipos de asembleas xerais.*

As asembleas poderán ser ordinarias e extraordinarias.

1. A Asemblea Xeral de carácter ordinario reunirse, con carácter ordinario, dúas veces ao ano:

a) A primeira asemblea realizarase no primeiro trimestre do ano e nela deberá constar a lectura e aprobación, se procede, da acta anterior, da liquidación do orzamento do ano anterior, e a inclusión obrigatoria, prevista na Lei 11/2001, da aprobación da memoria anual.

b) A asemblea ordinaria do segundo semestre incluírá na orde do día a lectura do plan de actividades e, ademais, o orzamento para o exercicio anual próximo e a súa aprobación e a aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior.

2. A Asemblea Xeral de carácter extraordinario reunirse, cando así o acorde a Xunta de Goberno ou sexa solicitado polo 10% dos podólogos colexiados, cunha orde do día concreta, e será convocada co prazo de máximo de 20 días hábiles (artigos 28 e 33). Só poderán adoptarse acordos válidos sobre aqueles puntos que figuren na orde do día, salvo o suposto recollido no artigo 31.

Artigo 28. *Convocatorias.*

As reunións das asembleas xerais, ordinarias e extraordinarias, serán convocadas polo presidente e comunicadas a cada un dos colexiados. Serán válidos para estes efectos os enderezos electrónicos facilitados polos colexiados.

A convocatoria remitirase como mínimo con 20 días hábiles de antelación, especificando día, hora, lugar e orde do día

CAPÍTULO II Funcionamento da Asemblea

Artigo 29. *Normativa das reunións da Asemblea.*

1. As asembleas xerais serán presididas polo presidente do Colexio, coa asistencia do secretario que redactará acta das actuacións e acordos adoptados.

2. O presidente poderá propoñer a designación dun moderador para cada asemblea, co acordo favorable da maioría dos asistentes.

3. Os colexiados só poderán facerse representar na asemblea xeral por medio doutro colexiado, necesariamente en escrito dirixido á Xunta de Goberno no cal se especificará claramente o nome do colexiado en quen se delega a representación e para o que é esta. O documento estará debidamente asinado por ambos os dous colexiados e só terá validez para a asemblea xeral que se especifique nel.

4. Cada colexiado poderá desempeñar, como máximo, catro representacións.

5. A constitución da Asemblea Xeral será válida cando estean presentes o presidente e o secretario, metade da Xunta de Goberno, incluídos o presidente e o secretario, e a maioría absoluta dos colexiados, presentes ou representados, na primeira convocatoria. En segunda convocatoria, realizada media hora máis tarde, será válida calquera que sexa o número de colexiados, presentes ou representados.

6. Só se poderán tomar acordos sobre aqueles asuntos que fosen fixados na orde do día, excepto proposta de moción de censura, segundo o artigo 31.

7. As votacións poderán ser de dúas clases: nominais e secretas. As votacións serán secretas cando o solicite algún dos asistentes á asemblea ou por proposta da Xunta de Goberno.

8. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos entre os asistentes e os seus representados, agás para aqueles asuntos para os cales estes estatutos dispoñan outra cousa.

Artigo 30. Do libro de actas.

Das reunións da Asemblea Xeral redactará acta o secretario ou, se é o caso, o secretario en funcións, que quedará rexistrada nun libro de actas para este efecto, asinada por aquel e polo presidente. A acta da asemblea será aprobada por esta e terá forza executiva.

Artigo 31. Proposta de moción de censura.

A proposta de solicitude de moción de censura ao presidente, a algún ou algúns membros da Xunta de Goberno será solicitada, polo menos, por un 10% dos colexiados por escrito, o que obriga a Xunta de Goberno a convocar unha asemblea xeral extraordinaria nun prazo máximo de trinta días hábiles cuxa orde do día inclúa a solicitude de moción de censura, segundo o que sinala o artigo 33.d).

Artigo 32. Competencias e funcións da Asemblea Xeral Ordinaria.

a) Aprobar, se procede, a memoria anual de actividades presentadas pola Xunta de Goberno.

b) Aprobar, se procede, o balance e conta de resultados do exercicio.

c) Aprobar, se procede, os orzamentos.

- d) Controlar a xestión da Xunta de Goberno.
- e) Aprobar, se procede, os regulamentos de réxime interior.
- f) Aprobar o regulamento deontolóxico e as súas modificacións.
- g) A fixación de cotas non periódicas e quiñóns.
- h) Autorizacións de cambios na Xunta de Goberno entre procesos electorais, cos límites establecidos no artigo 37.
- i) A designación dun membro da Comisión Xestora cando se dea de baixa outro membro.
- j) Decidir sobre as cuestións que a Xunta de Goberno someta á súa competencia.
- k) Dereito de solicitude de perdón dunha sanción por parte do colexiado implicado e, se o decide a maioría dos asistentes por voto segredo, a súa cancelación.
- l) A elección de cargos da Xunta de Goberno se se produce algún cesamento.

Artigo 33. Competencias e funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria.

- a) Cambio de sede
- b) Aprobar os estatutos e as súas modificacións, na forma prevista neles.

Serán imprescindibles os votos positivos do 66% dos colexiados para modificar os artigos 32, 33, 34, 37, 46 e o artigo 47.a) e os seus contidos prevalecen sobre os demais. Os restantes artigos poden ser modificados e creados, ata un máximo de dous, en maioría simple por asemblea extraordinaria, que debe ser convocada logo de notificación aos colexiados polos medios previstos na normativa, cun mínimo de 20 días hábiles de antelación, especificando na comunicación a data, hora, lugar e orde do día. Se na mesma asemblea se pretende a modificación e creación de máis de dous artigos, distintos dos 32, 33, 34, 37, 46 e 47.a), necesitarase o voto positivo do 66% dos colexiados.

- c) Na asemblea xeral extraordinaria aprobaranse as propostas de fusión-absorción, segregación, cambio de denominación e disolución do Colexio, que se farán de acordo co previsto na Lei 11/2001, de colexios profesionais, e segundo determine o artigo 62.

d) A censura da xestión do presidente do Colexio, da Xunta de Goberno ou dalgún dos seus membros ten que ser solicitada por escrito, polo menos, polo 10% dos colexiados. Realizarase por medio de asemblea xeral extraordinaria con inclusión na orde do día da moción ao presidente do Colexio, a toda a Xunta de Goberno ou a algún dos seus membros. Deberanse expresar con claridade as razóns en que se fundamenta a dita moción. Para que prospere a moción precisarase da maioría simple dos asistentes á asemblea xeral extraordinaria onde, polo menos, estará representado o 66% dos colexiados.

Se a moción de censura é aprobada e afecta o presidente do Colexio ou algún membro da Xunta de Goberno, este terá que cesar no seu cargo ou a Xunta de Goberno convocar eleccións, que serán obrigatorias se a moción de censura afectase toda a Xunta de Goberno, polo contrario, se é rexeitada, deberá pasar un ano para unha nova moción de censura contra o presidente do Colexio ou calquera membro da Xunta de Goberno.

e) No suposto de que non haxa ningunha candidatura presentada, se algún membro dunha xunta de goberno, que xa cumprise o prazo máximo de permanencia nas xuntas de goberno quere presentarse de novo, rexerese polo disposto no artigo 37, letra b.

f) A designación da Comisión Xestora, se fose preciso.

g) Acordar a disolución do Colexio, segundo o artigo 62.

Artigo 34. *Competencias compartidas.*

Poden ser competencia da Asemblea Xeral Ordinaria ou da Asemblea Xeral Extraordinaria, segundo o criterio da Xunta de Goberno, todas as non especificadas anteriormente.

CAPÍTULO III A Xunta de Goberno

Artigo 35. *Composición.*

A Xunta de Goberno estará integrada polo presidente, o vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e dous vogais. Haberá un membro distinto por cada cargo. Dentro da Xunta de Goberno deberá haber un colexiado, polo menos, de tres das catro actuais provincias da comunidade autónoma.

Artigo 36. Funcións da Xunta de Goberno.

Correspóndenlle á Xunta de Goberno a dirección e administración do Colexio e a execución dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral.

Son competencias da Xunta de Goberno as seguintes:

a) Cumprir e facer cumprir os acordos da Asemblea Xeral, os estatutos e a lexislación vixente que afecte o Colexio.

b) Decidir sobre as solicitudes de colexiación.

c) Fixar a contía das cotas de percepción periódica.

d) Administrar os bens do Colexio, así como recadar as cotas de todo tipo que teñan que facer efectivas os colexiados.

e) Adoptar as medidas convenientes para a defensa dos intereses do Colexio.

f) Impoñer, logo de instrución do expediente oportuno, sancións disciplinarias.

g) Crear ou reestruturar as comisións e grupos de traballo necesarios para o mellor cumprimento das funcións colexiais e, incluso, proceder á súa disolución se hai argumentos que o aconsellen.

h) Velar polo cumprimento das funcións e competencias profesionais dos colexiados.

i) Fixar a data de realización de asembleas ordinarias e extraordinarias.

j) Designar ou vetar representantes do Colexio Oficial de Podólogos nos órganos con que o Colexio manteña relación, en virtude deste estatuto.

Todas cantas funcións non indicadas deriven destes estatutos.

Artigo 37. Duración dos cargos.

a) A duración dos cargos será de catro anos ou unha lexislatura, e poderán ser reelixidos por un máximo doutros catro anos máis ou unha lexislatura completa ou incompleta.

Finalizada esta segunda lexislatura, será condición indispensable para a volta ao órgano de goberno que medie un tempo non inferior a dous anos.

Se algún ou algúns dos compoñentes da Xunta de Goberno cesa, por calquera causa, conta como unha lexislatura completa. Nese caso, a mesma Xunta designará o substituto con carácter de interinidade, a quen tamén lle contará como unha lexislatura completa, ata que se verifique a primeira asemblea. Se a Xunta de Goberno non presenta substituto será a Asemblea a que o faga, se isto non ocorre considerarase o cargo como vacante.

De producirse a vacante da metade dos membros da Xunta de Goberno, convocaranse eleccións no prazo dun mes.

Os cambios de cargo dentro da Xunta de Goberno non aumentan nin diminúen os tempos de permanencia.

b) No suposto de que non haxa ningunha candidatura presentada, se algún/s ou todos os membros da Xunta de Goberno saínte, que cumprisen a duración máxima de permanencia no cargo, queren presentarse ás eleccións teñen que someterse a unha moción de confianza por maioría simple nunha asemblea xeral extraordinaria na cal deberá estar presente a Comisión Electoral e un mínimo do 15% do censo electoral, e a candidatura terá que cumprir a restante normativa establecida. No caso de que non estea presente o 15% do censo electoral, os presentes elixirán unha comisión xestora, con membros novos.

Artigo 38. *Reunións.*

A Xunta de Goberno reunirase de forma ordinaria unha vez cada tres meses, convocada polo presidente. Con carácter extraordinario reunirase tantas veces sexa necesario, convocada polo presidente ou por petición de tres membros da Xunta. As citacións serán individuais e enviaranse con dez días de antelación. En caso de urxencia poderase utilizar calquera outro medio de citación que garanta a súa recepción por parte do interesado, cun prazo mínimo de dous días de antelación. Os acordos tomaranse por maioría dos asistentes. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente. É obrigatoria a asistencia de todos os membros.

A falta de asistencia non xustificada a tres sesións consecutivas, ou a seis non consecutivas, nun ano, considerarase falta grave cuxa sanción se regula segundo o disposto

no artigo 56. A xustificación da falta de asistencia deberá facerse por escrito nun prazo de oito días, desde a realización da xunta. O quórum imprescindible de asistentes para poder tomar acordos será a metade máis un dos compoñentes da Xunta de Goberno.

Para ser válida a constitución do órgano, para os efectos de realización da sesión, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e mais do secretario ou quen o substitúa.

Artigo 39. Das atribucións do cargo de presidente da Xunta de Goberno.

Son competencias do presidente:

a) A representación do Colexio en todas as relacións deste cos poderes públicos, entidades, corporacións de calquera tipo, persoas físicas e xurídicas.

b) Levar a dirección do Colexio e decidir en casos urxentes que non sexan competencia da Asemblea, tendo en conta o contido do punto 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) Visar as certificacións que expida o secretario.

d) Autorizar coa súa sinatura todo tipo de documentos, en relación coa letra a) deste artigo.

e) Conferir apoderamentos para cuestións xudiciais, cando para isto sexa autorizado pola Xunta de Goberno.

f) Convocar as reunións da Xunta de Goberno e as asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias.

g) A apertura de contas correntes do Colexio, tanto en entidades bancarias como caixas de aforro, e a mobilización dos fondos, conxuntamente co tesoureiro.

h) Autorizar o movemento de fondos de acordo coas propostas que presente o tesoureiro. Constituír e cancelar todo tipo de depósitos e fianzas, conxuntamente co tesoureiro.

i) Coordinar o labor de todos os membros da Xunta de Goberno.

Artigo 40. Das atribucións do cargo de vicepresidente.

O vicepresidente exercerá todas aquelas funcións que lle dea o presidente e asumirá as deste en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

No caso de enfermidade ou ausencia poderá ser substituído por un vogal, tendo preferencia o de máis idade.

Artigo 41. Das atribucións do cargo de secretario.

Son competencias do secretario:

a) Levar os libros necesarios para obter o mellor e máis ordenado funcionamento dos servizos do Colexio. Será obrigatoria a existencia de libros de actas da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno, e a de rexistro de entrada e saída de documentos.

b) Redactar e asinar os libros de actas, co visto e prace do presidente, e expedir certificacións.

c) Redactar a memoria anual.

d) Coidar do funcionamento das oficinas do Colexio e da actuación do persoal.

e) Controlar a tramitación dos expedientes dos colexiados e ter permanentemente actualizada a lista de colexiados.

f) Redactar e enviar os oficios de citación para todos os actos do Colexio.

g) Darlles cumprimento aos acordos adoptados pola Xunta de Goberno.

h) Poderá ser substituído polo vicepresidente, cando este non exerza funcións de presidente, ou por un vogal, tendo preferencia, nos casos de enfermidade ou ausencia dos vogais, o de maior idade.

Artigo 42. Das atribucións do cargo de tesoureiro.

Son competencias do tesoureiro:

a) Recadar, vixiar e administrar os fondos do Colexio e levar a contabilidade.

b) Efectuar os pagamentos ordenados pola Xunta de Goberno e asinar os documentos para o movemento dos fondos do Colexio, conxuntamente co presidente.

c) Facer o balance e conta de resultados do exercicio e formular o orzamento de ingresos e gastos, todo isto para sometelo á aprobación da Asemblea Xeral.

d) Levar ou supervisar os libros de contabilidade que sexan necesarios.

e) Realizar o balance de situación tantas veces como o requira o presidente ou a Xunta de Goberno.

f) Ter informada a Xunta de Goberno do estado financeiro do Colexio.

g) Poderá ser substituído polo vicepresidente, cando este non exerza outras funcións, ou por un vogal, en caso de enfermidade ou ausencia, tendo preferencia, dos vogais, o de menor idade.

Artigo 43. Atribucións dos cargos de vogais.

Poden asumir as funcións do vicepresidente, do secretario ou do tesoureiro e delegacións que determine o presidente.

CAPÍTULO IV Eleccións da Xunta de Goberno

Artigo 44. Condicións para ser elector e elixible.

Terán dereito a ser elixidos todos os colexiados exercentes que estean ao día nas súas obrigas corporativas colexiais agás aqueles que estean afectados por unha sanción que comporte a suspensión de actividades colexiais en xeral ou a limitación destes dereitos e que teñan, como mínimo, un ano de antigüidade na colexiación.

Así mesmo, terán dereito a ser electores todos os colexiados, exercentes ou non exercentes, en facultade de uso dos dereitos colexiais que non teñan ningún dos impedimentos anteriores.

A condición de colexiados exercentes e non exercentes determínaa a cota anterior ao día da convocatoria.

Artigo 45. *Candidaturas.*

Só poderán concorrer ás eleccións as candidaturas completas en que estean todos os membros da Xunta de Goberno que se vaian elixir. As candidaturas deberán formarse indicando o cargo a que opta cada candidato. Ningún colexiado poderá presentarse a candidato a máis dun cargo e candidatura. Isto tamén se trata no artigo 35.

Artigo 46. *Procedemento electivo.*

a) A convocatoria de eleccións deberaa efectuar a Xunta de Goberno e será sempre obrigatoria ao cumprir os catro anos. A Xunta de Goberno quedará en funcións para xestións administrativas. Polo menos publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios a convocatoria e os nomes dos compoñentes e cargos da Comisión Electoral.

b) Antes de convocar as eleccións, a Xunta de Goberno deberá ter constituída a Comisión Electoral, que estará composta por catro membros:

– Un presidente. O podólogo de máis idade, que leve polo menos cinco anos colexiado no Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, ou, en caso de imposibilidade, o seguinte correlativamente.

– Un secretario. O podólogo de menos idade ou, en caso de imposibilidade, o seguinte correlativamente.

– Un vogal. O asesor xurídico do Colexio.

– Un vogal. Un representante do persoal administrativo do Colexio.

O día das votacións, a Comisión Electoral transfórmase en mesa electoral, salvo que exista máis dunha mesa electoral. Neste caso, a Comisión Electoral antes de transformarse, creará a/s nova/s mesa/s electoral/is nomeada/s por ela.

c) Funcionamento da Comisión Electoral e da/s mesa/s electoral/is.

Ningún membro poderá ocupar dous cargos á vez nin ser membro de candidaturas electorais.

– O presidente ou o secretario poderán ser substituídos temporalmente ou a tempo completo por un dos vogais, tendo preferencia o de maior idade. A Comisión Electoral poderá funcionar con tres membros.

– A Comisión Electoral disporá de seis días hábiles para facer pública a data de realización de eleccións, que será dentro dos seguintes 60 días naturais anteriores ás votacións, e anunciarállelo aos colexiados explicándolles os requisitos, prazos, día, lugar e horario das votacións. Así mesmo, farase pública a listaxe de colexiados con dereito a elixir e fíxase no taboleiro de anuncios da Secretaría do Colexio e na páxina web.

Os colexiados que desexen formular algunha reclamación contra as listaxes de electores deberán formalizala no prazo de seis días hábiles seguintes a aquel en que foron expostas. Estas reclamacións deberá resolvelas a Comisión Electoral, dentro dos dezaseis días hábiles seguintes a aquel en que se expuxeron as listaxes.

O día das eleccións, a Comisión Electoral desempeñará a función dunha mesa electoral. En caso de que falte un membro da/s mesa/s, poderá constituírse con tres; se faltasen dous membros da/s mesa/s electoral/is solicitarase un voluntario entre os presentes ata alcanzar o número mínimo de tres.

Os membros da Comisión Electoral-mesa/s electoral/is terán dereito a cobrar axudas de custo que se regularán no réxime interno.

En caso de empate decide o voto de calidade do presidente da comisión ou da/s mesa/s electoral/is.

d) As candidaturas deberán presentarse na Secretaría do Colexio persoalmente ou por medio evidente dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que a Comisión Electoral faga pública a data de realización das eleccións. Unha vez transcorridos estes dez días, a Comisión Electoral deberá facer pública a relación de candidaturas presentadas dentro do prazo dos seis días hábiles seguintes. No caso de presentación dunha única candidatura ás eleccións, esta quedará automaticamente elixida.

e) Ás candidaturas rexeitadas, o presidente da Comisión Electoral notificarállelo, de forma que deixe constancia da súa recepción, mediante escrito en que se explicará o motivo do rexeitamento. Estas candidaturas, despois de recibir a notificación terán catro días laborables para corrixir os erros. A Comisión Electoral ten catro días laborables para contestar ás correccións das candidaturas, e esta será a última e definitiva contestación que se dá salvo que a Comisión Electoral opine o contrario.

f) A Comisión Electoral, se hai máis dunha candidatura, publicaraas na páxina web, en listaxes individuais por candidatura e imprimibles, que será o material que o Colexio sirva como posible voto.

g) Haberá un prazo mínimo de cinco días hábiles de campaña electoral. As candidaturas que o queiran teñen dereito a expoñer, na zona pública da páxina web do Colexio, a súa candidatura e o programa electoral.

h) O día fixado e á hora de convocatoria para as eleccións constituiranse a/s mesa/s electoral/is, no local ou locais designado/s para o efecto pola Comisión Electoral.

Cada candidatura poderá designar de entre os colexiados un interventor por mesa electoral que a represente nas operacións electorais.

i) O persoal administrativo do Colexio colaborará coas candidaturas admitidas, na medida do posible.

j) Na/s mesa/s electoral/is haberá unha urna transparente, que se cerrará deixando só unha fenda para a introdución dos votos.

Constituída a mesa electoral, o presidente indicará o inicio da votación e á hora prevista para finalizala cerraranse as portas da sala e só poderán votar os colexiados que se encontren dentro.

A continuación, e logo da oportuna comprobación, introduciranse dentro das urnas os votos que chegaron por correo certificado, cos requisitos establecidos.

O proceso electoral durará sete horas, comezará ás 11.30 horas da mañá e finalizará ás 18.30 horas da tarde, en que a urna quedará definitivamente pechada.

k) Os colexiados votarán utilizando o material exclusivo cos nomes das candidaturas que lles facilitará o Colexio na sede ou na páxina web. Logo da identificación do colexiado, entregaráselle a papeleta ao presidente da mesa, que a depositará na urna, en presenza do votante. O secretario da mesa sinalará na lista de colexiados os que vaian depositando o seu voto. Os vogais están capacitados para substituílos, tendo preferencia o de maior idade. O voto presencial ten preferencia, ben que o que non vote persoalmente, poderá facelo por correo certificado, enviando o material electoral que previamente lle deberá soli-

citar ao Colexio, ou quitalo da páxina web, nun sobre pechado para a entrega ao presidente da mesa. Este sobre irá dentro doutro que conterá unha fotocopia do DNI e nel constarán claramente os datos do remitente, coa sinatura.

Os votos enviaranse por correo certificado á Secretaría do Colexio, dirixidos ao presidente da mesa, e deberán chegar, como mínimo, con dous días hábiles de antelación á data das eleccións, e serán recollidos por el ou por quen designe, antes da hora fixada para concluír a votación.

l) Rematada a votación, procederase ao escrutinio. Serán declaradas nulas aquelas papeletas que conteñan expresións alleas ao estrito contido da votación ou borranchos que imposibiliten a perfecta identificación da vontade do elector, e tamén aquelas que nomeen máis dunha candidatura ou candidaturas incompletas. En caso de dubida, será resolta polos membros da mesa electoral.

Finalizado o escrutinio, a presidencia anunciará o resultado e, acto seguido, proclamarase electa a candidatura que obtivo o maior número de votos.

m) Do desenvolvemento da votación e do resultado do escrutinio redactarase acta a seguir, que será asinada por todos os membros da mesa. Unha copia desta acta será inserida no taboleiro de anuncios do Colexio e na páxina web.

n) Os membros elixidos da Xunta de Goberno tomarán posesión dos cargos nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a data da elección.

ñ) O proceso de traspaso de poder realizarase da seguinte forma: se sae elixida unha nova Xunta de Goberno, a Xunta de Goberno saínte ten a obriga de convocar unha reunión nun prazo de sete días hábiles á cal deberán asistir, polo menos, o presidente, o secretario e o tesoureiro de ambas as directivas ou as súas delegacións pertinentes.

A xunta saínte terá a obriga de facilitar toda a documentación e forma de xestión do Colexio.

Os nomeamentos seranlle comunicados, no prazo de 10 días desde que se produzan, ao departamento correspondente da consellería competente.

Artigo 47. Da Comisión Xestora.

a) No caso de que, cumpridos os dez días hábiles seguintes á convocatoria da data de realización de eleccións, a Comisión Electoral non presentase ningunha candidatura ás

eleccións, se non se cumprise o suposto do artigo 37.b), esta mesma Asemblea Extraordinaria nomeará unha comisión xestora, da cal non poderán ser integrantes os que leven máis de oito anos seguidos ou dúas lexislaturas en cargo electo ou en Comisión Xestora. A Xunta de Goberno da Comisión Xestora estará conformada por un presidente, un tesoureiro, un secretario e un vogal que pode, en caso de necesidade, substituír un máximo dun dos anteriores.

De non saír elixida a Comisión Xestora, convocarase unha nova asemblea extraordinaria con plenos poderes que, no prazo de 30 días hábiles, poderá elixir os membros da Comisión Xestora entre todos os colexiados ou a disolución do Colexio.

b) Os membros da Comisión Xestora, logo de autorización da Asemblea Xeral, poden rotar no cargo, sen que isto modifique o tempo de permanencia xa establecido, e terán a mesma responsabilidade e representatividade ca os electos.

c) A duración máxima é a da lexislatura, catro anos, contando a presenza, en tempo total ou parcial, como membro da Comisión Xestora como unha, e non poderán estar máis de dúas lexislaturas seguidas en Comisión Xestora ou en goberno elixido.

Cumpridas as dúas lexislaturas, o/s membro/s da comisión só poderá/n volver formar parte dela se median dous anos desde o último cesamento na segunda lexislatura, excepto se se cumpre o suposto do artigo 37.d).

d) Para que un acordo tomado na Comisión Xestora sexa válido, polo menos deben estar presentes tres dos catro membros.

e) Os membros da Comisión Xestora representan o Colexio coa mesma responsabilidade, forma e categoría ca os membros dunha candidatura electa. Serán convocados de maneira fidedigna, cun tempo mínimo de dez días, polo presidente ou dous membros da Comisión Xestora, e terán que reunirse polo menos cada tres meses. As reunións nos casos de urxencia poderán ser comunicadas verbalmente, pero despois terán que ser xustificadas con medio que deixe constancia da súa recepción. As faltas de asistencia regularanse polo disposto nos artigos 38, 54 e 56.

f) Se dimite ou se produce a baixa dun membro da Comisión Xestora, esta poderá poñer un substituto para ser ratificado ou rexeitado na próxima asemblea, e será esta quen ratifique ou propoña ou declare vacante.

g) Se dimiten ou se dan de baixa dous ou máis membros da Comisión Xestora, convocarase a asemblea extraordinaria, no prazo de 30 días hábiles, en que se elixirán os novos membros da comisión, ata o final do seu mandato ou ata convocar novas eleccións.

h) As reunións extraordinarias da Comisión Xestora serán convocadas polo presidente ou por petición de dous membros da Xunta. As faltas de asistencia regularanse polo disposto no artigo 38. Os votos en Comisión Xestora serán iguais para todos os membros. No caso de empate nos casos ou temas de suma importancia será a propia asemblea a que decida.

TÍTULO V Do réxime económico

Artigo 48. *Capacidade e orzamento.*

O Colexio ten plena capacidade patrimonial para a xestión e administración dos seus bens en cumprimento das súas finalidades. A actividade económica realizarase de acordo co procedemento orzamentario.

Artigo 49. *Dos recursos económicos do Colexio.*

1. Os fondos do Colexio estarán constituídos por recursos ordinarios e extraordinarios.

2. Serán recursos ordinarios:

a) Os rendementos dos bens e dereitos que constitúen o patrimonio colexial.

b) Os dereitos que se establezan para a elaboración remunerada de informes, ditames, estudos e outros servizos.

c) Os dereitos de incorporación e as cotas aboadas polos colexiados.

d) Calquera outro que sexa legalmente posible de similares características.

3. Serán recursos extraordinarios:

a) As subvencións ou donativos de calquera tipo, de procedencia pública ou privada.

b) Os bens que a título hereditario ou por calquera outra causa se incorporen ao patrimonio do Colexio.

c) As cotas especiais para o levantamento de cargas corporativas.

d) Calquera outra que sexa legalmente posible e que non constituía recurso ordinario.

Artigo 50. O orzamento e a súa liquidación.

O orzamento e a súa liquidación elaboraranse con carácter anual e incluírán a totalidade dos gastos e ingresos colexiais.

Artigo 51. Aprobación do orzamento.

A Xunta de Goberno presentará anualmente, para a súa aprobación, á Asemblea Xeral Ordinaria:

a) A liquidación do orzamento do exercicio anterior.

b) O orzamento para o próximo exercicio.

Artigo 52. Liquidación de bens.

En caso de disolución ou reestruturación que afecte o patrimonio do Colexio, este destinarase en primeiro lugar a cubrir o pasivo. O activo restante liquidarase segundo acordo da Asemblea Xeral.

TÍTULO VI Do réxime disciplinario

Artigo 53. Potestade disciplinaria.

O Colexio ten potestade para sancionar as faltas cometidas polos profesionais, colexiados, no exercicio da súa profesión ou actividade colexial.

Artigo 54. Cualificacións das faltas.

As faltas cualificaranse en leves, graves e moi graves.

1. Son faltas leves: a negligencia no cumprimento de preceptos estatutarios, regulamentarios ou de acordos da Xunta de Goberno; a desconsideración de escasa transcendencia aos compañeiros; os actos relacionados no punto 2.º cando non teñan entidade suficiente para seren considerados como graves.

2. Son faltas graves: a reiteración de faltas leves; a negligencia no cumprimento dos acordos das asembleas xerais; os actos de desconsideración ofensiva a compañeiros; o encubrimento de intrusismo profesional; a realización de traballos profesionais que pola súa índole, forma ou fondo atenten contra o prestixio profesional; o incumplimento inxustificadamente en tres ocasións das obrigas económicas co Colexio; a inobservancia das normas colexiais; negarse sen xustificación a ser membro da comisión ou mesa electoral; as faltas de asistencia non xustificadas a tres sesións consecutivas ou a seis non consecutivas nun ano dalgún/s membro/s da Xunta de Goberno.

3. Son faltas moi graves: a reiteración de faltas graves e os actos de desconsideración ofensiva aos compoñentes de órganos reitores en todos os ámbitos ou a calquera asistente á asemblea xeral.

Artigo 55. Procedemento sancionador.

A imposición de calquera sanción disciplinaria exige a formación e tramitación previa do expediente correspondente.

1. Competencia: a aplicación de sancións correspóndelle á Xunta de Goberno e poderá ser obxecto de recurso de reposición ante a mesma Xunta de Goberno.

2. Formas do expediente: o expediente sancionador débese axustar ás normas seguintes:

a) O procedemento iniciarase por acordo da Xunta de Goberno, xa sexa por iniciativa propia ou como consecuencia de denuncia formulada por calquera colexiado, persoa ou entidade física ou xurídica.

A Xunta de Goberno, cando reciba unha denuncia ou teña coñecemento dunha suposta infracción, poderá acordar a instrución de información reservada antes de decidir a incoación do expediente ou se procede que se arquiven as actuacións sen ningún recurso ulterior.

Todas as actuacións relativas á tramitación do expediente irán a cargo do instrutor, que será nomeado pola Xunta de Goberno entre os colexiados ou a Asesoría Xurídica.

A incoación do expediente, así como o nomeamento do instrutor, notificaránselle ao colexiado suxeito a expediente.

b) Correspóndelle ao instrutor practicar todas as probas e actuacións que conduzan ao esclarecemento dos feitos e a determinar as responsabilidades susceptibles de sanción. Á vista das actuacións practicadas, formularase un prego de cargos en que se exporán os feitos imputados ou ben a proposta de sobresemento e arquivo do expediente.

c) O prego de cargos notificaráselle ao interesado e concederáselle un prazo de quince días hábiles para poder contestalo.

No trámite de descargo, o colexiado interesado presentará e, se procede, propondrá todas as probas de que intente valerse e que sexan útiles, válidas e pertinentes.

d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo de facelo e practicada a proba lexítima acordada, o instrutor formulará proposta de resolución, que se lle notificará ao interesado, para que no prazo de quince días hábiles poida alegar todo aquilo que considere conveniente para a súa defensa. Durante este mesmo prazo, notificaráselle as actuacións practicadas.

e) A proposta de resolución, con toda a actuación, elevarase á Xunta de Goberno e esta ditará a resolución en que deberán constar os feitos probados, a falta cometida e a sanción proposta.

f) As resolucións sancionadoras conterán a relación dos feitos probados, a determinación das faltas constatadas e a cualificación da súa gravidade, e a sanción imposta.

A relación dos feitos deberá ser congruente co prego de cargos formulado no expediente.

Artigo 56. Sancións.

As sancións que poden impoñerse son:

1. Por faltas leves:

a) Amoestación verbal.

b) Amoestación escrita.

2. Por faltas graves:

- a) Amoestación por escrito con advertencia de suspensión.
- b) Suspensión da condición de colexiado e do exercicio por un prazo non superior a tres meses.
- c) Suspensión para o desempeño de cargos colexiais na Xunta de Goberno por un prazo non superior a cinco anos.
- d) A falta de asistencia non xustificada por membro/s da Xunta de Goberno a reunións, segundo o tipificado no artigo 54, terá como sanción o cesamento.

3. Por faltas moi graves:

- a) Suspensión da condición de colexiado e do exercicio profesional por un prazo superior a tres meses e non superior a un ano.
- b) Inhabilitación permanente para o desempeño de cargos colexiais directivos.
- c) Expulsión do Colexio con privación da condición de colexiado.

Artigo 57. Prescrición.

1. As faltas previstas nestes estatutos están sometidas ao seguinte período de prescrición despois de seren cometidas:

- a) As faltas leves, aos seis meses.
- b) As faltas graves, aos dous anos.
- c) As faltas moi graves, aos catro anos.

2. Interromperase a prescrición pola iniciación do procedemento disciplinario, con coñecemento do interesado.

O prazo reiníciase se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun mes por causas non imputables ao presunto responsable.

Artigo 58. Cancelación e rehabilitación.

O sancionado poderalle pedir á Xunta de Goberno ou á Asemblea a súa rehabilitación, coa conseguinte cancelación da nota no seu expediente.

Os prazos para as cancelacións serán, contados a partir do cumprimento da sanción, se a falta é leve, seis meses; se é grave, dous anos; se é moi grave, catro anos.

TÍTULO VII
Do réxime xurídico

Artigo 59. Notificación de acordos.

Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno do Colexio, e as decisións do presidente e da Xunta de Goberno, que lles deban ser notificados aos colexiados, referidos a calquera materia, incluso a disciplinaria, poderán selo no domicilio que lle comuniquen ao Colexio ou polos medios telemáticos previstos na normativa vixente. Se non se puidese efectuar a notificación nos termos previstos nos puntos 1.º e 2.º do artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta realizarase segundo o disposto na mesma lei.

Artigo 60. Recursos.

1. Os actos e resolucións, suxeitos a dereito administrativo, emanados do Colexio poñen fin á vía administrativa ante este.

2. O interesado poderá impugnar o acto ou resolución ante a xurisdición contencioso-administrativa vixente, de conformidade coa lei reguladora desta.

Artigo 61. Nulidade e anulabilidade.

1. Son nulos de pleno dereito os actos e acordos de calquera órgano colexial que incorran nalgún dos supostos previstos no artigo 62 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A Xunta de Goberno deberá, en todo caso, suspender a execución e formular recurso sobre os actos nulos de pleno dereito.

2. Son anulables os actos e acordos dos órganos colexiais que incorran nalgún dos supostos do artigo 63 da citada norma legal.

Artigo 62. Disolución, fusión, absorción segregación e cambio de denominación do Colexio.

O Colexio poderá disolverse, fusionarse, absorberse, segregarse ou cambiar de denominación seguindo o procedemento establecido para os efectos, e cando concorra algunha das seguintes causas:

a) Perda do obxecto e imposibilidade de realizar as funcións e finalidades que determinaron a súa creación.

b) Paralización dos órganos de goberno, de maneira tal que non sexa posible o traballo e perfecto funcionamento.

c) Imposibilidade económica ou material de continuar coa actividade colexial.

d) Por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, adoptado pola maioría absoluta de todos os seus membros presentes estando representado, polo menos, o 66% do censo colexial con dereito a voto.

Artigo 63. Procedemento de disolución.

Se se acorda a disolución do Colexio, procederase a lle dar apertura ao período de liquidación, cesarán todos os membros da Xunta de Goberno ou da Comisión Xestora nos seus cargos e pasarase a nomear tres liquidadores electos pola Asemblea Xeral.

Os colexiados que representen o 20% do censo colexial poderán instar o nomeamento dun interventor xudicial.

As funcións e obrigas dos liquidadores rexeranse polo disposto nos artigos 266 e seguintes da Lei de sociedades anónimas.

A división do haber social practicarase tendo en conta o disposto no artigo 277 da citada Lei de sociedades anónimas.

Artigo 64. Auditoría das contas colexiais.

De conformidade co disposto no artigo 32 da Lei 11/2001, de colexios profesionais, establécese a obriga de facer unha auditoría xeral no Colexio despois de cada proceso electoral, para a renovación total ou parcial dos membros da Xunta de Goberno.

En calquera caso, farase unha auditoría contable unha vez cada dous anos.

Disposición transitoria.

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor destes estatutos, deberase constituír a Asemblea Xeral, e a actual Xunta de Goberno someterá a voto de confianza os seus cargos ou, se é o caso, convocará eleccións, o que contará como unha primeira lexislatura, se se dá ese voto de confianza, a partir desa data.

Disposición derogatoria.

Este estatuto derroga o anterior.